

ACTA NÚMERO: 16/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 28 de abril de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 21 de abril de 2022 (Reunión 15/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Play Plan Cultural S.L.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Tanxugueiras con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017333).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Orquestra de Cámara Galega S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións da Orquestra de Cámara Galega, con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017414).*
4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Artesa Artística S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do "Cancioneiro do Camiño - Manoele de Felisa Grupo", con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017261).*
5. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Ozono, Horizonte Musical S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo "Sés", con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017112).*
6. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Terruño y Musica S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo "Luar na Lubre", con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017416).*
7. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Nalgures Producións S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo "Xisco Feijoo", con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022016882).*
8. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muíño-Campaño, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)". (Expte.- 2021066733).*
9. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto seguido para a contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022 (Expte.- 2022003743).*
10. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo integral DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da lexielosis nos centros da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2021047872)*
11. *Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación, mediante concurso público, do Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra.(Expte.- 2021044072).*



12. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).*
13. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Conectadas 2022". (Expte.- 2021062235).*
14. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "En ruta coa Depo 2022". (Expte.- 2021054402).*
15. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da renovación das licenzas "FileNet ®" para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso. (Expte.- 2022017296).*
16. *Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaio (Concello de Soutomaio)". (Expte.- 2021003493).*
17. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaio (Concello de Soutomaio)". (Expte.- 2021003493).*
18. *Aprobación das valoracións dos sobres "A" correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso" (Expte.- 2021031396).*
19. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso" (Expte.- 2021031396).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP., e D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 21 de abril de 2022 (Reunión 15/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 21 de abril de 2022 (Reunión 15/2022).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Play Plan Cultural S.L.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Tanxugueiras con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017333).

Por Resolución Presidencial número 2022002733 de data 09/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade



por exclusividade, de tres actuacións do grupo Tanxugueiras con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Play Plan Cultural, S.L.U. (B-94.168.705) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 11/04/2022.

A empresa Play Plan Cultural, S.L.U., (B-94.168.705) presentou a proposición con data 21/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	54.000,00 €
IVE (21 %)	11.340,00 €
Importe ofertado con IVE	65.340,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Play Plan Cultural, S.L.U. (B-94.168.705), no procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Tanxugueiras con cargo ao Programa Musigal 2022.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Orquestra de Cámara Galega S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións da Orquestra de Cámara Galega, con cargo ao Programa “Musigal 2022”. (Expte.- 2022017414).*

Por Resolución Presidencial número 2022002712 de data 09/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, de tres actuacións do grupo Orquestra de Cámara Galega con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Orquestra de Cámara Galega, S.L. (B-15.908.072) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 20/04/2022.



A empresa Orquestra de Cámara Galega, S.L. (B-15.908.072) presentou a proposición con data 21/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	17.860,00
IVE (21 %)	3.750,60 €
Importe ofertado con IVE	21.610,60 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Orquestra de Cámara Galega, S.L. (B-15.908.072), no procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Orquestra de Cámara Galega con cargo ao Programa Musigal 2022.

4. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Artesa Artística S.L. para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do "Cancioneiro do Camiño - Manoele de Felisa Grupo", con cargo ao Programa "Musigal 2022". (Expte.- 2022017261).

Por Resolución Presidencial número 2022002732 de data 09/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo "Cancioneiro do Camiño – Manoele de Felisa Grupo" con cargo ao Programa Musigal 2022.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Artesa Artística S.L. (B94132438) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 11/04/2022.

A empresa Artesa Artística S.L. (B94132438) presentou a proposición con data 21/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	18.000,00 €
IVE (21 %)	3.780,00 €
Importe ofertado con IVE	21.780,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Artesa Artística S.L. (B94132438) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Cancioneiro do Camiño – Manoele de Felisa Grupo con cargo ao Programa Musigal 2022.

5. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Ozono, Horizonte Musical S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo “Sés”, con cargo ao Programa “Musigal 2022”. (Expte.- 2022017112).

Por Resolución Presidencial número 2022002730 de data 09/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Sés con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. (B94194099) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 11/04/2022.

A empresa Ozono, Horizonte Musical, S.L. (B94194099) presentou a proposición con data 20/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	27.000,00 €
IVE (21 %)	5.670,00 €
Importe ofertado con IVE	32.670,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Ozono, Horizonte Musical, S.L. (B94194099) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Sés con cargo ao Programa Musigal 2022.

6. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Terruño y Musica S.L., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo “Luar na Lubre”, con cargo ao Programa “Musigal 2022”. (Expte.- 2022017416).



Por Resolución Presidencial número 2022002734 de data 09/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Luar na Lubre con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Terruño y Música, S.L. (B94182250) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 11/04/2022.

A empresa Terruño y Música, S.L. (B94182250) presentou a proposición con data 20/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	27.000,00 €
IVE (21 %)	5.670,00 €
Importe ofertado con IVE	32.670,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Terruño y Música, S.L. (B94182250) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Luar na Lubre con cargo ao Programa Musigal 2022.

7. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Nalgures Producións S.L., para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo “Xisco Feijoo”, con cargo ao Programa “Musigal 2022”. (Expte.-2022016882).

Por Resolución Presidencial número 2022002710 de data 09/04/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Xisco Feijoo con cargo ao Programa “Musigal 2022”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Nalgures Producións S.L. (B27340322) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 11/04/2022.



A empresa Nalgures Producións S.L. (B27340322) presentou a proposición con data 21/04/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	25.500,00 €
IVE (21 %)	5.355,00 €
Importe ofertado con IVE	30.855,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Nalgures Producións S.L. (B27340322) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Xisco Feijoo con cargo ao Programa Musigal 2022.

8. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muíño-Campañó, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)". (Expte.- 2021066733).

Por Resolución Presidencial número 2022001749 de data 15 de marzo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muíño-Campañó, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 15 de marzo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 7 de abril de 2022 procedeu á apertura electrónica do sobre único correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muíño-Campañó, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)".

As empresas que presentaron ofertas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.



- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- DESMACO, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	124.343,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	138.428,62 €	2%	20 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	133.800,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	128.843,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	138.842,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	136.464,21 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	137.202,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	132.354,26 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	129.900,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	135.001,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	129.386,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	131.699,45 €	3%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
DESMACO, S.L.	126.516,73 €	3%	36 MESES	FALTA ANEXO	FALTA ANEXO

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. e DESMACO, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa DESMACO, S.L. presentara xustificación algunha da súa oferta.

A empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. presentou xustificación da súa oferta en prazo, e déuselle traslado ao Servizo de Infraestruturas. O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas emitiu informe recollendo no mesmo o seguinte: *a xustificación presentada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. presentou xustificación da súa oferta no NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra....”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “ÚNICO”
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	31,56	5,00	5,00	5,00	46,56
NAROM, S.L.	30,08	5,00	5,00	5,00	45,08
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	28,69	5,00	5,00	5,00	43,69



CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,80	5,00	5,00	5,00	38,80
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,03	5,00	5,00	5,00	37,03
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	18,10	5,00	5,00	5,00	33,10
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,17	5,00	5,00	5,00	29,17
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	9,37	5,00	5,00	5,00	24,37
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	6,95	5,00	5,00	5,00	21,95
HORDESCON, S.L.	2,93	5,00	5,00	5,00	17,93
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	1,57	5,00	5,00	5,00	16,57

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. e DESMACO, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muíño-Campañó, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+540 (Concello de Poio)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "UNICO"
1ª	MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	46,56
2ª	NAROM, S.L.	45,08
3ª	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	43,69
4ª	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	38,80



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "UNICO"
5ª	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	37,03
6ª	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	33,10
7ª	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	29,17
8ª	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	24,37
9ª	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	21,95
10ª	HORDESCON, S.L.	17,93
11ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	16,57

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P. 0603 PO.308-Muíño-Campañó, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)*", á empresa MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 128.843,39 €
 IVE (21%) 27.057,11 €
 Importe Total 155.900,502 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L. figura inscrita Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:



- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 6.442,17 €

9. Proposta de adjudicación do procedemento aberto seguido para a contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022 (Expte.- 2022003743).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de abril de 2022 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

-Jardanay SL (CIF B-15.754.682)

-Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275)

Así mesmo na reunión do día 12 de abril de 2022 tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cohesión Social e Xuventude a efectos da súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 21 de abril de 2022 en base o informe de valoración emitido con (CSV) 8YUOHT2VI59EF7YF acorda prestar



conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas sendo as seguintes:

Criterios mediante xuízos de valor (Máx 43 puntos)	Jardanay SL	Os Ventos innovación en servizos SL
1.- Calidade dos produtos (Máx 30 puntos)	16	9
2.-Plan de control e avaliación continuada da calidade (Máx 10 puntos)	10	2
3.- Organización dos medios personais (Máx 3 puntos)	2	1
Total puntuación	28	12

A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres C, das empresas que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas. Procedeuse só a apertura da oferta presentada pola empresa Jardanay SL ao non acadar a oferta da empresa Os Ventos Innovación en Servizos S.L., a referida puntuación mínima esixida.

O valores ofertados pola empresa Jardanay S.L., foron os seguintes:

1.- Prezo total ofertado (para as 11 quendas de campamentos):

Importe sen o IVE:	132.000,00 €
IVE (10 %):	13.200,00 €
Importe total ofertado:	145.200,00 €

2- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN-ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	<input type="checkbox"/>	X

3.- Acreditación dun "Sistemas de xestión de seguridade alimentaria", Certificación ISO 22000 ou equivalente

Criterios	SI	NON



A empresa acredita a disposición de certificación ISO 2200 Sistemas de xestión de seguridade alimentaria ou equivalente	X	<input type="checkbox"/>
---	---	--------------------------

4.- Compromiso da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.

Criterios	SI	NON
A empresa oferta o compromiso de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e tipo picnic	X	<input type="checkbox"/>

5.- Oferta da posibilidade de repetir prato nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.

Criterios	SI	NON
A empresa oferta a posibilidade de repetir prato nos menús de comida e cea a como mínimo o 20 % dos nenos/as e monitores/as	X	<input type="checkbox"/>

Procedeuse a continuación a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con (CSV) LAEEVKASOXJK4DKM son as seguintes:

Criterios automáticos	Jardanay SL Puntuación sobre C
1.- Prezo total ofertado	2,014
2.- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	0,00
3.- Acreditación dun "Sistemas de xestión de seguridade alimentaria", Certificación ISO 22000 ou equivalente	5,00
4.- Compromiso da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic	2,00
5.-Oferta da posibilidade de repetir prato nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.	2,00
Total puntuación sobre C	11,014

Resumen puntuacións totais:

TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 43 puntos)	28,00
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 57 puntos)	11,014
TOTAL B+C	39,014



A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación, a exclusión da oferta presentada pola empresa Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275) ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.
2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	Jardanay SL	39,014

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022 a empresa Jardanay SL. (CIF B-15.754.682).

10. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo integral DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da lexiomonelosis nos centros da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2021047872).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do *servizo integral DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da lexiomonelosis nos centros da Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público), con data 28 de febreiro de 2022. Na mesma data, publicáronse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 17 de marzo de 2022, procedeu á apertura electrónica da documentación presentada nos sobres únicos correspondentes á documentación administrativa e técnica avaliable con criterios automáticos presentada polas empresas ó referido procedemento.

Examinada a documentación administrativa, as empresas admitidas en cada un dos lotes foron as seguintes:

EMPRESAS LICITADORAS	LOTES OS QUE OPTAN
AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	Lote 1, 2
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	Lote 1, 2
ARUMIA, SL (B 15656580)	Lote 1, 2
TRAGAL, S.L. (B 36028231)	Lote 1, 2
COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	Lote 1, 2
SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	Lote 1, 2

Os valores ofertados foron os seguintes:

LOTE 1

AGRONERGA, S.L. (B 36448652)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 9.161,81 €
 IVE (21%): 1.923,98 €
 Importe total ofertado: 11.085,79 €

SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 9.956,23 €
 IVE (21%): 2.090,81 €
 Importe total ofertado: 12.047,04 €

ARUMIA, SL (B 15656580)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 10.495,94 €
 IVE (21%): 2.204,15 €
 Importe total ofertado: 12.700,08 €

TRAGAL, S.L. (B 36028231)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:



Importe sen o IVE: 7.800,00 €
IVE (21%): 1.638,00 €
Importe total ofertado: 9.438,00 €

COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 7.965,00 €
IVE (21%): 1.672,65 €
Importe total ofertado: 9.637,65 €

SANIASTUR, S.L. (B 33065251)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 8.336,90 €
IVE (21%): 1.750,70 €
Importe total ofertado: 10.087,60 €

LOTE 2

AGRONERGA, S.L. (B 36448652)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 9.551,78 €
IVE (21%): 2.005,87 €
Importe total ofertado: 11.557,65 €

SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 7.310,05 €
IVE (21%): 1.535,11 €
Importe total ofertado: 8.845,16 €

ARUMIA, SL (B 15656580)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE: 7.706,31 €
IVE (21%): 1.618,32 €
Importe total ofertado: 9.324,63 €

TRAGAL, S.L. (B 36028231)



Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	3.800,00 €
IVE (21%):	798,00 €
Importe total ofertado:	4.598,00 €

COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	5.848,00 €
IVE (21%):	1.228,08 €
Importe total ofertado:	7.076,08 €

SANIASTUR, S.L. (B 33065251)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	5.554,74 €
IVE (21%):	1.166,48 €
Importe total ofertado:	6.721,22 €

Valorados os criterios automáticos das ofertas presentadas polas empresas a cada un dos lotes, detectouse que a oferta presentada para o Lote 2 por la empresa TRAGAL, S.L. (B 36028231), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe neste procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación acordou facultar ó Secretario para que procedera a requirir á referida empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refiría ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxera para executar este contrato.

Rematado o prazo de requirimento, a TRAGAL, S.L. (B 36028231) presentou a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (REXWEB 2022016156) escrito de xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ao Servizo de Medio Ambiente, co fin de que emitiran o preceptivo informe.

Con data 26 de abril de 2022 o Xefe de Sección da explotación gandeira de Mouriscade, co visto e praxe da Xefa do Servizo de Medio Ambiente informou que a documentación aportada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.



De conformidade co establecido no PCAP procédese de seguido a efectuar valoración das ofertas presentadas, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

LOTE nº 1

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
TRAGAL, S.L. (B 36028231)	100,00
COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	97,017
SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	90,293
AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	75,330
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	60,781
ARUMIA, SL (B 15656580)	50,896

LOTE nº 2

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
TRAGAL, S.L. (B 36028231)	100,000
SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	80,583
COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	77,338
SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	53,686
ARUMIA, SL (B 15656580)	44,955
AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	4,295

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *Servizo integral DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da lexiellosis nos centros da Deputación de Pontevedra*, que queda da seguinte forma:

LOTE nº 1

POSICIÓN	EMPRESAS	PUNTUACIÓN
1ª	TRAGAL, S.L. (B 36028231)	100,00
2ª	COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	97,017
3ª	SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	90,293
4ª	AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	75,330
5ª	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	60,781
6ª	ARUMIA, SL (B 15656580)	50,896

LOTE nº 2

POSICIÓN	EMPRESAS	PUNTUACIÓN
1ª	TRAGAL, S.L. (B 36028231)	100,000
2ª	SANIASTUR, S.L. (B 33065251)	80,583



3ª	COSAPLAG, S.L.U. (B 94074861)	77,338
4ª	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A. (A 15030414)	53,686
5ª	ARUMIA, SL (B 15656580)	44,955
6ª	AGRONERGA, S.L. (B 36448652)	4,295

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos Lotes 1 e 2 do procedemento aberto simplificado convocado para a prestación do *servizo integral DDD (desinsectación, desratización e desinfección) e control da lexiellosis nos centros da Deputación de Pontevedra* á empresa que se relaciona de seguido, e de acordo co seguinte detalle:

Lote nº 1: TRAGAL, S.L. (B 36028231)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	7.800,00 €
IVE (21%):	1.638,00 €
Importe total ofertado:	9.438,00 €

Lote nº 2: TRAGAL, S.L. (B 36028231)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

Importe sen o IVE:	3.800,00 €
IVE (21%):	798,00 €
Importe total ofertado:	4.598,00 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa TRAGAL, S.L. (B 36028231), figuran inscritas no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia e que, segundo se desprende dos datos recollidos no referido rexistro a empresa cumpre os requisitos de capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

3. Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirille, mediante comunicación electrónica, que presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público:
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de:
 - Lote 1: 390,00€ €
 - Lote 2: 190,00 €



- Documentación acreditativa da efectiva Inscripción no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Plaguicidas da Comunidade Autónoma na que está abicado o inmovible para tratamentos ambientais e/ou da industria alimentaria de acordo coa Orde da Consellería de Sanidade do 26 de maio de 2008 pola que se crea o Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Biocidas, modificada pola Orde do 20 de novembro de 2013.
- Documentación acreditativa da efectiva Inscripción no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Plaguicidas para o ámbito fitosanitario.
- Acreditación de que o persoal encargado de realizar os tratamentos, está capacitado para elo, de acordo ao Real Decreto 830/2010, de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas. A/as persoa/s responsable/s da realización do/s tratamento/s deberá acreditar a formación para responsables técnicos e o persoal aplicador deberá acreditar a formación para aplicadores.

11. Proposta de adxudicación do procedemento convocado para a contratación, mediante concurso público, do Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra.(Expte.- 2021044072).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial do día 14 de marzo do 2022, aprobouse o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do *Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 54 e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 18 de marzo de 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 7 de abril do 2022, procedeu á apertura electrónica da documentación presentada nos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e con criterios de valoración non automática, presentados polas empresas que presentaron a súa oferta, dentro do prazo establecido, na plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra.

Unha vez examinada pola Mesa de Contratación a documentación xeral presentada polas empresas licitadoras no sobre A, a empresa admitida foi OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815), non resultando ningunha non admitida.

No mesmo acto, os membros da Mesa de Contratación, por unanimidade, acordaron trasladar a documentación avaliabile mediante criterios de valoración non automática



ao persoal técnico do servizo de Museo de Pontevedra, para que avalíe e pondere a proposta seguindo os criterios de adxudicación non automáticos establecidos no prego administrativo regulador do procedemento.

Con data 19 de abril do 2022, a Técnica de Mantemento do Museo de Pontevedra, Dona Antía Parcero Rodal, emitiu informe de avaliación, de conformidade cos criterios avaliáveis mediante un xuízo de valor establecidos ao efecto na cláusula 9.1 do prego económico-administrativo, do que resultaron as seguintes puntuacións:

		OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815)
SOBRE A		
1. Estado de conservación e funcionalidade do local, ata un máximo de 15 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:		10
Estado de conservación, ata un máximo de 5 puntos.		5
Menor necesidade de realización de obras de adecuación para destinalo ao fin pretendido, ata un máximo de 5 puntos.		3,5
Calidade de iluminación natural, ata un máximo de 5 puntos.		1,5
2. Medidas de seguridade e control de accesos, ata un máximo de 15 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:		14
Medidas de seguridade coas que conte o local (sistema de alarma, cámaras...), ata un máximo de 8 puntos.		7
Sistema de control de accesos de vehículos e persoal...), ata un máximo de 7 puntos.		7
TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 30 puntos)		24

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21 de abril do 2022, aprobou a valoración dos sobres "A", prestando conformidade ás puntuacións acadadas no referido informe do servizo do Museo de Pontevedra, e procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios automáticos.

O valores ofertados foron os seguintes:

OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815)

1. Prezo mensual ofertado:

- Prezo mensual ofertado sen IVE: 900,00 €
- IVE (21%): 189,00 €
- Prezo mensual ofertado total: 1.089,00 €



2. Metros de distancia entre o local ofertado e o Edificio Castelao do Museo de Pontevedra, abicado na Rúa Pai Amoedo Carballo, 3, esquina Serra, 36002, Pontevedra: 2.700 m
3. Metros cadrados de superficie útil do local ofertado: 150,00 m2

A Mesa de Contratación procedeu á valoración da oferta presentada no sobre “B” pola empresa OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815), segundo os criterios establecidos nos pregos, que alcanzou a seguinte puntuación:

		OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815)
SOBRE B		
1. Menor prezo ofertado sobre o prezo mensual de licitación sen IVE en relación coa superficie útil do local, ata un máximo de 30 puntos.		30
2. Emprazamento do local, ata un máximo de 30 puntos. .		0
3. Superficie do local, ata un máximo de 10 puntos.		0
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 70 puntos)		30

Do que resultou a seguinte valoración total:

		OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815)
TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 30 puntos)		24
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 70 puntos)		30
TOTAL A+B		54

Á Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no concurso público convocado para a contratación do *Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra*, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815)	24	30	54



2. Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto na cláusula 14 do prego administrativo, proceda á adxudicación do contrato de *arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra* a favor da empresa OBRAS PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo mensual sen IVE: 900,00 €
- IVE (21%): 189,00 €
- Prezo mensual total: 1.089,00 €

12. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2022001120 de data 15 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de febreiro de 2022, aparecendo publicado o día 23 de febreiro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 038-097418), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de febreiro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL e a Mesa de Contratación na reunión do día 25 de marzo de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas á licitación as seguintes:

- CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)

A Mesa de Contratación na reunión do día 25 de marzo de 2022 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliados mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías.

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, con data 5 de abril de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 7 de abril de 2022, en base ó informe do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha



de data 5 de abril de 2022 (CSV: OK5BL2Z87L9I41MG), acordou prestar conformidade ás puntuacións correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor acadadas pola única empresa admitida, sendo as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)
1. Descrición detallada do servizo, máximo 15 puntos.	13,500
a) Proposta de metodoloxía e xestión de incidencias para a prestación do Servizo, máximo 9 puntos.	8,000
b) Plan de traballo, máximo 3 puntos.	3,000
c) Plan de calidade, máximo 2 puntos.	1,500
d) Plan de formación, máximo 1 punto.	1,000
2. Equipos, accesorios e software a fornecer, máximo 15 puntos.	12,000
PUNTUACION SOBRE B	25,500

A Mesa de Contratación na reunión do día 7 de abril de 2022, tamén procedeu a efectuar a apertura electrónica dos sobres C correspondentes á documentación avaliada mediante criterios automáticos sendo os valores ofertados pola empresa admitida os seguintes:

CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)

Prezo por copia:

CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS / SEN IVE)
PREZO COPIA EN COR, SEN IVE	0,02440€
PREZO COPIA EN B/N, SEN IVE	0,00001€

Prezos de arrendamento mensual por unidade e tipo de dispositivo ofertados (en euros/sen ive).

PREZO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5	EQUIPO I6
PREZO EQUIPO	9,95€	21,95€	39,95€	45,95€	49,95€	179,95€
PREZO BANDEXA DE PAPEL OPCIONAL A4 500 FOLLAS	4,95€	7,95€	11,95€	11,95€	19,95€	19,95€
PREZO MOBLE ACCESORIO	3,95€	3,95€	3,95€	4,95€	Non aplicable	Non aplicable
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL 500 FOLLAS, 1 POSICION GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	12,00€	12,00€	12,00€



PREZO FINALIZADOR OPCIONAL 1000 FOLLAS, 3 POSICIÓN DE GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	15,00€	15,00€
PREZO ALIMENTADOR SOBRES	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	5,00€	5,00€
PREZO PLACA DE FAX	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	18,95€	18,95€	18,95€

A Mesa de Contratación tamén facultou ao secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realizase o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poideran presentarse e dos informes técnicos que se considerasen necesarios solicitar.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta económica da empresa CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125) presentaba un valor anormal ou desproporcionado no referente a:

- Prezo por copia en b/n.
- Prezo por copia en cor.
- Prezo máximo de arrendamento mensual do equipo I5.
- Prezo máximo de arrendamento mensual de cada finalizador opcional 500 follas 1 posición grampado equipos I4, I5 e I6.
- Prezo máximo de arrendamento mensual de cada finalizador opcional 1000 follas 3 posicións de grampado equipos I5 e I6.
- Alimentador de sobres equipo I5 e I6.

Con data 11 de abril de 2022, efectuouse o requirimento á citada empresa para que xustificase a súa oferta, e precisase as condicións da mesma, en particular no que se refiría ao aforro económico, ás solucións técnicas adoptadas e ás condicións excepcionalmente favorables de que dispuxera para executar a prestación.

A través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, a empresa CANON ESPAÑA SAU (Número de rexistro WEB2022023487, de data 19/04/2022), presentou a documentación xustificativa que lles foi requirida en relación aos valores anormais ou desproporcionados detectados na súa oferta.

Unha vez recibida a documentación solicitouse o correspondente informe técnico ao Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, e unha vez analizada de forma detallada toda a documentación aportada, con data 22/04/2022 emite informe no que a modo de



conclusión sinala que se consideran suficientes e razoadas as xustificacións realizadas, polo que se informa favorablemente ao considerar xustificado o valor do prezo ofrecido pola empresa CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125).

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre C de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)
1. Menor prezo por copia b/n, ata un máximo de 30 puntos.	30,000
2. Menor prezo por copia cor, ata un máximo de 20 puntos.	20,000
3. Prezo de arrendamento dos equipos, ata un máximo de 20 puntos.	10,374
PUNTUACION SOBRE C	60,374

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORA	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)	25,500	60,374	85,874

2. Propor ao órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía e Oral, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco para un sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra á empresa CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125) de acordo co seguinte detalle:

Prezo por copia:

CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS / SEN IVE)
PREZO COPIA EN COR, SEN IVE	0,02440€



PREZO COPIA EN B/N, SEN IVE	0,00001€
------------------------------------	----------

Prezos de arrendamento mensual por unidade e tipo de dispositivo ofertados (en euros/sen ive)

PREZO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5	EQUIPO I6
PREZO EQUIPO	9,95€	21,95€	39,95€	45,95€	49,95€	179,95€
PREZO BANDEXA DE PAPEL OPCIONAL A4 500 FOLLAS	4,95€	7,95€	11,95€	11,95€	19,95€	19,95€
PREZO MOBLE ACCESORIO	3,95€	3,95€	3,95€	4,95€	Non aplicable	Non aplicable
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL 500 FOLLAS, 1 POSICION GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	12,00€	12,00€	12,00€
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL 1000 FOLLAS, 3 POSICIONS DE GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	15,00€	15,00€
PREZO ALIMENTADOR SOBRES	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	5,00€	5,00€
PREZO PLACA DE FAX	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	18,95€	18,95€	18,95€

13. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Conectadas 2022”. (Expte.- 2021062235).

O Secretario informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 1 de abril de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Conectadas 2022.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4/04/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- FOROX INNOVACIONES S.L.U (B-27.742.014).
- XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36.394.203)



A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados polas empresas foron os seguintes:

FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.180,00 €
IVE (21 %):	247,80 €
Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido	1.427,80 €
Importe ofertado 220 cursos IVE engadido	314.116,00 €

2.- Persoal a maiores do esixido para a execución do programa (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) :

Nº 10 persoa(s)

3.- Persoal de xestión (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 3 persoa(s)

4.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 15 docente(s)

5.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI non

XESTIÓN CULTURAL AÚREA S.L. (B-36.394.203)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.176,99 €
IVE (.21 %):	247,17 €
Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido	1.424,16 €
Importe ofertado 220 cursos IVE engadido	313.315,2 €

2.- Persoal a maiores do esixido para a execución do programa (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo):



Nº 0 persoa(s)

3.- Persoal de xestión (inclúe a responsable do programa, persoas coordinadoras e persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 1 persoa(s)

4.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 0 docente(s)

5.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI Non

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas

As puntuacións totais acadadas foron as seguintes:

CRITERIOS	PUNTUACIÓNS	
	FOROX INNOVACIÓN	XESTIÓN CULTURAL AUREA
Menor prezo obradoiro	6,14	6,66
Persoal a maiores do exisido para a execución do programa	20	0
Persoal de xestión con formación en igualdade	9	3
Persoal de docencia con formación en igualdade	15	0
Aportación docente de apoio ao titular naqueles talleres que haxa persoa con discapacidade	10	0
Puntuacións totais	60,14	9,66

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	FOROX INNOVACIÓN S.L.U.	60,14
2ª	XESTION CULTURAL AUREA	9,66

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento aberto, convocado para contratación dos



Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Conectadas 2022” á empresa **FOROX INNOVACIÓN S.L.U.**

14. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “En ruta coa Depo 2022”. (Expte.- 2021054402).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que unha vez valoradas as ofertas presentadas polas empresas admitidas no sobre “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios con xuízos de valor, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta presentada pola empresa Halcón Viajes S.A.U. presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado polo que se lle requeriu para que xustificara a súa oferta.

A empresa Halcón Viajes S.A.U presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra dando traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Cohesión Social para que emitiran informe sobre a mesma.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social, Dona Begoña Estévez Bernárdez, con data 27/04/2022 emitiu informe indicando que *“considerase xustificado no seu informe a baixada de prezo nos conceptos prezo menú, retribucións de persoal, praza de autobús, custes indirectos e beneficio industrial, non obstante, a descrición do prezo picnic (snack e bebida) non se corresponde co exisido no prego, tal e como se recolle no apartado terceiro deste informe. Tampouco desagregan o prezo da mochila e viseira para entregar a cada persona participante, recollido expresamente no PPT.*

Polo tanto, deberán especificar o prezo menú picnic para as saídas as Illas Atlánticas, indicando si este está recollido nos 8 € que ofertan no prezo do menú, así como o custo do material especificado a entregar.”

A Mesa de Contratación en base ao informe emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social, en relación a xustificación da baixa temeraria presentada por Halcón Viajes S.A.U., acorda:

1. Requerir a empresa Halcón Viajes para que amplíe datos relativos a xustificación presentada sobre o valor anormal ou desproporcionado detectado na súa oferta, en particular no que se refire o prezo do menú-picnic para as salidas as Illas Atlánticas, así como en qué consistirá tendo en conta o prego de condicións e as condicións favorables do prezo da “mochila e viseira”, así como, no seu caso, o compromiso do seu cumprimento.
2. Facultar o Secretario da Mesa para que efectúe, mediante comunicación electrónica, o citado requirimento de ampliación de datos sobre a xustificación presentada, concedendo un prazo de tres días hábiles contados desde o seu envío.



15. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da renovación das licenzas "FileNet ®" para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso. (Expte.- 2022017296).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022002697 de data 9 de abril de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da *"Renovación das licenzas "FileNet ®" para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso"*. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de abril de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación do sobre único as empresas presentadas foron as seguintes:

- SIVSA, Soluciones Informáticas, S.A. (NIF: A36646685).
- VASCO INFORMATICA S.L. (NIF: B29361896)

Os valores ofertados foron os seguintes:

SIVSA, Soluciones Informáticas, S.A. (NIF: A36646685)



PART/NUMBER	DESCRIPCIÓN	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE)	OFERTA ANUAL TOTAL
E0501LL	IBM FileNet Content Manager Authorized User Value Unit Annual SW Subscription & Support Renewal	162	101,84 €	16.498,08 €
E0IEZLL	IBM FileNet Content Manager Eligible Participant Resource Value Unit Annual SW Subscription & Support Renewal	40.625	0,54 €	21.937,50 €
OFERTA TOTAL (SEN IVE)				38.435,58 €
IVE (21%)				8.071,47 €
OFERTA TOTAL (CON IVE)				46.507,05 €
OFERTA TOTAL DO CONTRATO PARA OS DOUS ANOS (SEN IVE)				67.351,99€

VASCO INFORMATICA S.L. . (NIF: B29361896)

PART/NUMBER	DESCRIPCIÓN	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE)	OFERTA ANUAL TOTAL
E0501LL	IBM FileNet Content Manager Authorized User Value Unit Annual SW Subscription & Support Renewal	162	83.15	13.470,30€
E0IEZLL	IBM FileNet Content Manager Eligible Participant Resource Value Unit Annual SW Subscription & Support Renewal	40.625	0.48	19.500,00€
OFERTA TOTAL (SEN IVE)				32.970,30€
IVE (21%)				6.923,76€
OFERTA TOTAL (CON IVE)				3.9894,06€
OFERTA TOTAL DO CONTRATO PARA OS DOUS ANOS (SEN IVE)				65.940,60€

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación acadada polas empresas é a seguinte:

Empresa	Puntuación
SIVSA, Soluciones Informáticas, S.A.	1,36 puntos
VASCO INFORMATICA S.L.	13,40 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Renovación das licenzas "FileNet ®" para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso":



- SIVSA, Soluciones Informáticas, S.A. (NIF: A36646685)
- VASCO INFORMATICA SL (NIF: B29361896)

2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “Renovación das licenzas “FileNet ®” para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	VASCO INFORMATICA S.L.	13,40 puntos
2ª	SIVSA, Soluciones Informáticas, S.A.	1,36 puntos

3. Propor ó organo de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Economía, Facenda e Reximen Interior, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “Renovación das licenzas “FileNet ®” para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso”, á empresa, Vasco Informática, S.L., que alcanzou a maior puntuación de acordo co seguinte detalle:

PART/NUMBER	DESCRIPCIÓN	Nº UNIDADES	PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE)	OFERTA ANUAL TOTAL
E0501LL	IBM FileNet Content Manager Authorized User Value Unit Annual SW Subscription & Support Renewal	162	83.15	13.470,30€
E0IEZLL	IBM FileNet Content Manager Eligible Participant Resource Value Unit Annual SW Subscription & Support Renewal	40.625	0.48	19.500,00€
OFERTA TOTAL (SEN IVE)				32.970,30€
IVE (21%)				6.923,76€
OFERTA TOTAL (CON IVE)				3.9894,06€
OFERTA TOTAL DO CONTRATO PARA OS DOUS ANOS (SEN IVE)				65.940,60€

A Mesa de Contratación comproba que a empresa VASCO INFORMATICA SL. (NIF: B29361896), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa VASCO INFORMATICA SL. (NIF: B29361896), proposta como adxudicataria, mediante comunicación electrónica, para que presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector. Entre a documentación que debe aportar figura a seguinte:
- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira, técnica
 - Documentación acreditativa da capacidade de obrar



- Documento que acredita a constitución da garantía definitiva importe de 3.375,00 €

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadar a mesma documentación á empresa licitadora seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

16. Aprobación das valoracións dos sobres “A” correspondentes aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)”. (Expte.- 2021003493).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de obras “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior “

O anuncio de licitación publicouse no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de febreiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e do proxecto de execución desta obra.

O Secretario comenta que os funcionarios do Servizo de Contratación o día 16 de febreiro de 2022 comprobaron que no Perfil do contratante as empresas interesadas non podían acceder ao proxecto publicado debido a un erro no arquivo electrónico, motivo polo que en base ao informe do Xefe do Servizo de Contratación emitido o día 17 de febreiro de 2022 (CSV 3OM4OX7R9KR5BU8X), a Presidenta decidiu mediante Resolución Presidencial número 2022001276, de data 18 de febreiro do 2022, “avocar” puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno, para reiniciar o prazo de presentación de proposicións.

O anuncio de reinicio da licitación publicouse no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de febreiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e do correspondente arquivo electrónico co proxecto da obra “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior “

A Xunta de Goberno na sesión do 25 de febreiro de 2022 tomou coñecemento do contido da citada Resolución Presidencial número 2022001276, de data 18 de febreiro do 2022.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e a única empresa presentada e admitida foi, CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS S.L.U. (C.I.F.- B-15675515).



A Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona María Carmen Gómez Manzano, con data 8 de abril de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS S.L.U. (C.I.F.- B-15675515)	12	1	13

A Mesa de Contratación en base ó informe da Xefa do Servizo de Arquitectura, Dona María Carmen Gómez Manzano, de data 8 de abril de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior".

17. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)". (Expte.- 2021003493).

Asunto: Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)". (Expte.- 2021003493).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola única empresa presentada e admitida ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	13,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados pola única empresa que participa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	474.873,97 €	3%	36 MESES	NO	NO

A continuación, de conformidade co establecido no PCAP, procedeuse á valoración da oferta económica, obtendo o seguinte resultando:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CITANIAS OBRAS Y ERVICIOS, S.L.U.	0,210	5,00	5,00	0,00	10,21

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	13,00	10,21	23,21

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)*", á empresa, CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado	474.873,97 €
IVE (21%)	99.723,63 €
Importe Total	574.597,50 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citados rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra por importe de 23.743,70 €

18. Aprobación das valoracións dos sobres “A” correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso” (Expte.- 2021031396).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial con número 2022001751, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14-03-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A Mesa de Contratación na reunión do día 31 de marzo de 2022 procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes a documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor. A Mesa de contratación en dita reunión acordou admitir a única empresa presentada: Promove Xestión Técnica SLP (CIF B-36.570.042) e así mesmo dar traslado da documentación



correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Arquitectura para que avaliasen e ponderasen as ofertas.

A Xefa do Servizo de Arquitectura emitiu informe, con data 11/04/2022 relativo a valoración da documentación técnica presentada pola empresa Promove xestión técnica SLP (CIF B-36.570.042) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Criterios avaliados mediante xuízos de valor	Promove xestión técnica SLP
Análise do ámbito do e condicionantes vinculados ao obxecto do contrato	15,00 puntos
Proposta de procedementos de traballo e de xestión documental	3,50 puntos
Puntuación total	18,50 puntos

A Mesa de Contratación en base ao informe emitido pola Xefa do Servizo de Arquitectura de data 11/04/2022 acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso".

19. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso" (Expte.- 2021031396).*

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada pola única empresa presentada e admitida, Promove Xestión Técnica SLP (CIF B-36.570.042) na valoración correspondente aos criterios de xuízos de valor, e que é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACION SOBRE "A"
Promove xestión técnica SLP	18,50

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados pola única empresa que participa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do referido e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

Empresa : Promove Xestión Técnica SLP

1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	8.639,00 €
IVE (..... %):	1.814,19 €
Importe total ofertado:	10.453,19 €

2.- Experiencia do equipo de traballo superior á mínima establecida nos pregos.

Criterio	Numero proxectos ofertados (a maiores dos mínimos)
Numero de proxectos de rehabilitación de edificios históricos no que teña participado o equipo redactor a maiores dos mínimos esixidos.	4
Numero de traballos relacionados coa mellora da envolvente de edificios nos que teña participado o equipo redactor, a maiores do mínimo esixido	5

A efectos da acreditación da experiencia do equipo de traballo superior a mínima o prego de cláusulas económico-administrativas establece o seguinte:

“Para que se valore o criterio, deberase achegar unha declaración xurada onde se relacionen os servizos ou traballos realizados de igual ou semellante natureza que os apartados a) e b), como máximo, os dez últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado.

Os traballos a acreditar serán tanto os ofertados a maiores como os esixidos como mínimo.”



A Mesa de Contratación comproba que a empresa Promove Xestión Técnica SLP achega a referida declaración xurada.

A vista da citada declaración a Mesa de Contratación ACORDA:

Facultar ao secretario da Mesa de Contratación para que solicite informe aos técnicos do Servizo de Arquitectura a efectos de que informen se os traballos incluídos na citada declaración xurada cumpren os requisitos especificados nos pregos para a súa valoración.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e oito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

